

PROGRAMA 2026-2030
DA XUNTA DE GOBERNO DO
COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA



COLEXIO OFICIAL
DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

IMPULSANDO O COPG

Continuamos medrando



O EQUIPO



Mª Rosa Álvarez Prada

DECANA



Ricardo Fandiño Pascual

VICEDECANO



José Berdullas Barreiro

SECRETARIO



Rubén Villar Trencó

TESOUREIRO



Mª Carmen González Hermo

VICESECRETARIA



Mª Begoña Castro Iglesias

VOGAL



David Facal Mayo

VOGAL

O EQUIPO



Sandra Fernández Rodríguez
VOGAL



Julio González Morandeira
VOGAL



Ana Mª Núñez Rubines
VOGAL



José Manuel Oreiro Blanco
VOGAL



Mónica Permuy López
VOGAL



Cristina Torrado Tarrío
VOGAL

PROGRAMA

01. Un modelo de colexio e un equipo para este momento

Presentamos un modelo de colexio **próximo, accesible e transparente**, que acompaña as profesionais da Psicoloxía ao longo de toda a súa traxectoria, desde a incorporación á profesión ata as etapas de maior responsabilidade. Apostamos por **un colexio que escoita, dialoga e responde** con feitos ás necesidades da colexiación e da cidadanía.

Esta Xunta de Goberno está composta por un **equipo plural e diverso**: profesionais de diferentes xeracións, ámbitos de exercicio (público, privado, terceiro sector...) e traxectorias na organización colexial. Compartimos un **compromiso sólido** coa **dignificación** da Psicoloxía e coa súa proxección socialmente responsable, consolidando o logrado e abrindo novas vías de avance.

Entendemos a continuidade como unha **renovación responsable**: aproveitamos a experiencia acumulada destes anos e incorporamos ideas novas para seguir medrando, cunha base ampla de colexiadas e colexiados que apostan por este proxecto.

02. Gobernanza ética, transparente e eficiente

Queremos un COPG cun funcionamento exemplar, fundamentado no interese profesional e no ben común.

- **Profesionalidade e eficiencia** na xestión e administración colexial, consolidando e mellorando os servizos e procedementos que xa demostraron a súa utilidade.
- Actuación **ética** en todas as decisións, poñendo no centro os **dereitos da colexiación** e da spcoedade.
- **Transparencia real**: información clara e accesible sobre a xestión económica, organizativa e de servizos, con rendición periódica de contas.
- **Auditorías externas** públicas que reforcen a confianza no funcionamento do Colexio.
- **Mellora e innovación** nos servizos de atención colexial: impulso da sede electrónica, simplificación de trámites e desenvolvemento da formación en liña.
- **Coherencia e continuidade** co labor herdado, introducindo melloras progresivas baseadas na avaliación e na experiencia destes últimos anos.

PROGRAMA

03. Participación e cohesión colexial

Defendemos un colexio vivo, que active a **participación** e que xere **sentimento de pertenza** á nosa comunidade profesional.

- Apoio estable ás **seccións** (Psicoloxía e Saúde, Psicoloxía Educativa, Psicoloxía da Intervención Social, Psicoloxía Xurídica e Psicoloxía do Traballo e das Organizacións), **comisións** (C. de Ética e Deontoloxía, C. para a Defensa da Profesión, intersectoriais de Mediación, Feminista, Deporte e Infancia e Adolescencia) e **grupos de traballo** (GIPCE, Grupo de Tráfico e da Seguridade), recoñecendo a súa achega e facilitando recursos para a súa actividade.
- Optimizar e diversificar as canles de comunicación co conxunto da colexiación, aproveitando a web, boletíns e redes sociais.
- Impulso de grupos de traballo estratéxicos, comezando pola creación do **Programa de Apoio á Práctica Privada**.
- Retomar e ampliar o **Programa Limiar** como ponte coa nova colexiación: encontros, acompañamento e espazos para que participen desde o primeiro momento, creando un **Grupo de Traballo de Novos e Novas Colexiadas**, para atender mellor as necesidades e demandas das novas psicólogas e psicólogos.
- Enquisas periódicas sobre servizos e necesidades para **axustar e ampliar a oferta colexial** con base en datos reais.
- **Eliminación de barreiras** que dificulten a participación de persoas con discapacidade nas actividades colexiais.
- Fomento de **espazos de diálogo estruturado** co conxunto da colexiación, tanto presenciais como en liña.
- Achegamento do COPG ás diferentes cidades e comarcas: **deslocalización de actividades**, rotación de actos institucionais, encontros comarcais e descentralización parcial das xuntas de goberno.

PROGRAMA

04. Proxección pública da Psicoloxía

A Psicoloxía é esencial para responder a **retos sociais** de primeira orde. O COPG ten que ser unha voz clara, rigorosa e presente.

- Promoción das boas prácticas profesionais e do cumprimento do **Código Ético e Deontolóxico**, tamén ante novos escenarios dixitais e tecnolóxicos.
- Defensa da **accesibilidade universal á atención psicolóxica** en todos os ámbitos: sanidade, educación, servizos sociais, xustiza, ámbito comunitario, saúde laboral e outros eidos.
- **Campañas de comunicación** orientadas a visibilizar o **prestixio da nosa profesión** e continuar a loitar contra o **intrusismo**, incluíndo accións coordinadas fronte a pseudoterapias e pseudociencias.
- Adaptación aos **novos desafíos sociais e tecnolóxicos**: intelixencia artificial, novos contextos dixitais, realidade virtual, mercado global.
- Promoción da Psicoloxía en **ámbitos emerxentes**: recursos humanos, deporte, emerxencias, mediación, psicoloxía ambiental, diversidade de xénero, intervención comunitaria e outros xacedeiros de emprego.
- Organización de **actividades abertas** á cidadanía para difundir o valor e a utilidade da Psicoloxía.
- Estratexia de comunicación para mellorar a presenza nos **medios de comunicación social**: posicionar o COPG como referente experto, facilitando que xornalistas e axentes sociais recorran ao Colexio como voz cualificada.
- Actualización da **web colexial** para gañar visibilidade: mellor deseño e organización, maior interactividade, incorporación dun buscador de recursos profesionais.

PROGRAMA

05. Representación institucional e rede externa

O COPG debe reforzar o seu papel como interlocutor sólido e respectado.

- Fortalecemento das **relacións coa Administración** e cos diferentes representantes institucionais e sociais, con mensaxes claras e fundamentadas.
- Participación en procesos de **consulta pública de leis e normativas** que afecten á Psicoloxía, mediante achegas, propostas ou recursos.
- Compromiso firme coa **regulación e ordenación da profesión**, na procura do fortalecemento da posición dos e das profesionais da psicoloxía.
- Desenvolvemento de actividades abertas e actuacións conxuntas con institucións para consolidar **a Psicoloxía como voz experta** e imprescindible nos grandes debates sociais, especialmente nos ámbitos da saúde mental, a violencia de xénero, a infancia, o envellecemento e a exclusión social, entre outros.
- Mantemento e avance nas **relacións académico-profesionais** e na coordinación coas **universidades**.
- Participación en espazos de **coordinación interprofesional** con outros colexios profesionais e a través de Unión Profesional de Galicia.
- Fortalecemento das **relacións con asociacións profesionais** doutras comunidades autónomas e doutros países, con especial atención a Portugal, o resto de Europa e a Latinoamérica.
- Establecemento de **convenios con administracións e outras entidades** que abran ás nosas colexiadas e colexiados novas posibilidades de intervención e emprego.

PROGRAMA

06. Desenvolvemento profesional, formación e empregabilidade

A calidade da intervención psicolóxica require formación continua e boas condicións de exercicio.

- Consolidación e **impulso do programa de Formación Permanente** do COPG como eixo central da actualización profesional.
- Recuperación do **programa Limiar** para acompañar a transición á práctica profesional.
- Enquisas periódicas sobre **intereses e modalidades formativas** (presencial, en liña, híbrida) para adaptar a oferta ás necesidades reais.
- Organización do **IV Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia** como espazo de encontro, intercambio e visibilización do traballo profesional.
- Programa específico de **orientación laboral e mellora da empregabilidade**: itinerarios de inserción, adquisición de competencias profesionais, apoio ao emprendemento e identificación de novos nichos de emprego.
- Creación dunha **Oficina de apoio para a persoa profesional autónoma**, con información, asesoramento básico e recursos específicos.
- Creación de **bolsas de traballo** e dinamización da sección estable de **emprego** na web para que organizacións sociais e empresariais poidan publicar as súas ofertas, facendo do COPG un punto de encontro entre profesionais e entidades.
- Nova edición do **mapa de profesionais** na web, con maior usabilidade, transformándoo nun buscador de recursos no que a cidadanía poda atopar o perfil profesional que precisa.
- Actuacións ante os diferentes niveis da Administración dirixidas a **incrementar a presenza de psicólogas e psicólogos nos servizos públicos**.
- Incremento da dotación da **Beca Siota** para fomentar a investigación e a innovación profesional.
- Colaboración na adaptación de instrumentos de avaliación e intervención en **galego**, promovendo a calidade e a adaptación lingüística da práctica profesional.
- Impulso á condición do Colexio como **institución mediadora acreditada** a través da difusión do Rexistro de psicólogos e psicólogas mediadoras do COPG, así como da introdución nos procedementos colexiais das prácticas restaurativas.

PROGRAMA

07. Igualdade, sustentabilidade e coidado da profesión

Coidar da profesión significa tamén coidar das persoas que a exercen.

- Creación do **Observatorio da Sustentabilidade Psicolóxica**, orientado a avaliar e propoñer medidas de autocoidado, benestar profesional, formación continua e cumprimento ético.
- Integración transversal da **perspectiva de xénero** en todo o programa formativo e na acción colexial.
- Campañas de **sensibilización e prevención fronte á violencia de xénero**, en coordinación con institucións e entidades especializadas.
- Promoción dunha **cultura profesional sostible**, respectuosa cos tempos, cos límites do exercicio e co benestar das persoas profesionais.
- Ampliación da oferta de **beneficios colexiais** (seguros, convenios, vantaxes en servizos e formación) que reforcen o coidado e favorezan a colexiación activa.

08. Psicología da infancia e da adolescencia

A infancia e a adolescencia son unha prioridade estratéxica pola súa relevancia presente e futura.

- Defensa do **fortalecemento dos recursos de saúde mental** infanto-xuvenil na rede pública.
- Promoción da presenza de profesionais da Psicología nos **servizos educativos, sociais e sanitarios** que traballan con infancia e adolescencia.
- Elaboración e difusión de **guías de boas prácticas profesionais** en intervención con infancia e adolescencia, con especial atención á prevención e á detección temperá.

PROGRAMA

09. Transformación dixital e IA no exercicio profesional

Cómpre que acompañemos a profesión nos **cambios dixitais**, desde criterios profesionais e éticos, con seguridade e responsabilidade.

- Afondar e avanzar nos **servizos de transformación dixital** do COPG: mellora de ferramentas en liña, tramitacións e canles de comunicación.
- Ofrecer **formación específica** sobre atención telemática e intervención psicolóxica en contornos virtuais.
- Desenvolver liñas de traballo sobre o uso da **intelixencia artificial** no exercicio profesional, con criterios éticos, deontolóxicos e de calidade.
- Creación de **espazos de debate** (foros, xornadas, grupos de traballo) sobre impacto das novas tecnoloxías na práctica profesional.
- Afondar no uso de ferramentas dixitais de comunicación para a **divulgación** dunha psicoloxía científica e implicada socialmente.

10. O noso colexio, un axente transformador

O COPG debe ser moito máis ca unha corporación profesional, ir máis alá da prestación de servizos. **A nosa profesión ten un vínculo connatural, inherente e esencial cos dereitos humanos**, coa xustiza social, e temos a responsabilidade de exercer un papel como suxeito colectivo con capacidade de incidencia social.

- Contribuír desde o noso saber específico a realizar unha **análise crítica da realidade e o mundo** que nos rodean, para buscar, promover e participar dun debate entre os distintos axentes; tamén para procurar **alternativas** e **solucións** desde o comunitario que favorezan o desenvolvemento cara a unha sociedade mellor para todas.
- O noso Colexio debe continuar a recoñecerse polos seus **valores claros** no seu facer, adaptados aos tempos que corren: que loite pola **xustiza**, a **sustentabilidade** e a **igualdade** en todos os ámbitos. Un colexio percorrido polo **feminismo**, pola **solidariedade** e pola procura da **paz**. Debe saber de psicoloxía, pero tamén do humano no sentido máis amplo da palabra. Polo tanto, **un colexio cun compromiso directo e público cos Dereitos Humanos**.
- Fomentar o diálogo constante con outras organizacións e institucións que están na tarefa do ben común, buscando a **sinerxías** nas relacións.

PROGRAMA

Un colexio que medra con orgullo

Este modelo de colexio é máis que unha corporación profesional: é unha **comunidade** que comparte valores de **rigor, compromiso social, igualdade, defensa da atención profesional á saúde mental e servizo á cidadanía**.

Apostamos por **continuar medrando, consolidando** o camiño feito e **impulsando** novas medidas para que o COPG siga a ser un referente en Galicia e fóra de Galicia.

